

## Comentarios publicados no blog do IES Sánchez Cantón no curso 3012-2013

### Os Megatoxos e o aprendiz de druída

É un libro divertido, que unha vez que empecei a lectura non a puiden deixar ata que o rematei. Encantoume. Estaba desexando saber como remataba a súa aventura polo tempo. A linguaxe é moi fácil de entender cun vocabulario moi sinxelo. A quen recomendaras este libro: a unha persoa que lle gusten as aventuras e a maxia. **(Alberto)**

Trata duns rapaces que teñen uns poderes máxicos e viaxan no tempo a buscar un toxo que lles deu os poderes. Non está nada mal, pero gústanme as historias realistas ou de misterio. Recomendaríallo ás persoas imaxinativas e que algún día lles gustaría ter poderes. **(Ana)**

Foi entretida e divertida, pois unha vez empecei non puiden parar de lelo, xa que quería ver como remataba e se acababa ben. Entendíase moi ben non tiven ningún problema en lelo, pois o vocabulario era moi sinxelo. Recomendaría este libro os meus amigos. **(Estefanía)**

Fáisca, Ruxe, Ninfa, Lúa e mais a profesora Larazufas picáronse cun toxo mutante que lles deu poderes: Fáisca o poder do lume, Ruxe comezou a poderse transformar en animais, Ninfa domina as plantas, Lúa cando rima fai que o que di apareza e a profesora Larazufas agora ten superintelixencia. Cando a profesora coa súa superintelixencia atopou o Toxo pero iestaba no pasado! A profesora non tivo problema; inventou unha máquina para viaxar ao pasado, chamou aos nenos e enviounos ao pasado a buscar o Toxo. Cando on nenos comezaron a buscar o Toxo no pasado entraron nunha cova na que atoparon a ... e, para non dicirlle que eran nenos do futuro mutantes, dixeron que eran ... que o viñan a axudar. Díxolles que el era un aprendiz de druída, como o druída non estaba lle encargaron a el que trouxera ... pero como colleu parte do toxo mutante o que creou foi ... que quería arrasar o poboado. Os "deuses" Megatoxos separáronse: as nenas ian polo toxo e os nenos agardaban ao monstro na porta da aldea. Cando as nenas atoparon ó Toxo ... Nese mesmo intre o ... estaba atacando a Fáisca e mais a Ruxe pero os nenos deron cunha solución ... e así o fixeron. Cando o mostro non era máis ca ... todos se puxeron a descansar, pero cando estaban a cear ... apareceu en forma de nube e enfeitizou a Lúa para que ...Entón a Ninfa ocorrélle unha idea e lle dixo a Ruxe se salvaba a Fáisca ela podería eliminar a ... Entón colleu ... unha lanza e a cravou no pé de ..., e fixo que a lanza de madeira medrara e se convertera nun carballo que ...Pareceume un libro moi interesante de eses que empezas a ler e non podes deixalo. Estaba moi ben redactado e con todo luxo de detalles a hora de explicar algún sucesora. **(Montserrat)**

Ó principio, os Megatoxos eran catro rapaces normais e correntes, pero o día da inauguración do instituto, a profesora Larafuzas chamounos para axudala nun asunto importante. Tiñan que transportar unha planta con moito coidado, pero non había unha pedra, tropezaron e caeron riba dela. Esa planta era o Toxo e todos, os cinco, conseguiron superpoderes. Fáisca tiña o poder de xerar lume por distintas partes do corpo, Ninfa controlaba as plantas, Ruxe transformábase en animais e adquiría as súas calidades e Lúa podía realizar conxuros cando atopaba unha rima. A profesora Larafuzas desenvolvera unha superintelixencia e unhas semanas máis tarde chamounos ós catro e explicoulles que tiñan que atopar unha cura, porque senón as súas vidas estaban en perigo. Decidiron viaxar no tempo e foron á Galicia antiga para buscar o Toxo. Polo camiño ven unha cova e pensan que o Toxo pode estar alí, pero... Os Megatoxos loitan contra o monstro e tentan conseguir o Toxo, ...

A min gustoume este libro porque é de aventuras fantásticas e ten acción. Non só por iso, tamén porque fala dos celtas, dos seus costumes e de como era un poboado celta. Tamén explican con palabras sinxelas que é un druída. Ten momentos graciosos como cando Fáisca persegue a Ruxe moi anoxado e tropeza. Tamén me gustou que se fala do traballo en equipo, porque os Megatoxos traballan en equipo, tamén co poboado celta para derrotar ... A linguaxe deste libro é moi comprensible, non tiven que consultar o dicionario. Tamén está moi ben que algúns nomes dos personaxes teñan dobre sentido, como por exemplo Fáisca, que ten o poder de xerar lume. Ou tamén o de Ninfa, que é unha árbore e ela pode controlar a natureza en xeral. Outros nomes son orixinais e un chisco raros como Drunxel.

Recomendaríallo a todos os rapaces e rapazas ós que lles gusten as aventuras fantásticas e tamén, aos que lles guste a historia porque se viaxa ó pasado e explican o que facían os druídas. **(Roberto)**

Trata duns nenos que teñen poderes a partir de pincharse cun toxo mutante. É un libro fantástico e moi bonito. Todo é entendible. A quen lle recomendarías a lectura deste libro: á xente aventureira. **(Jorge)**

Este libro trata dun grupo de nenos dun instituto chamados Faísca, Ruxe, Ninfa e Lúa de 12 anos aproximadamente. Estes rapaces son elixidos o primeiro día de clase pola profesora Larafuzas para levar un toxo ao invernoiro, un toxo que resultará ser especial porque o toxo aparece e desaparece en distintas épocas do tempo e en distintos lugares. Cando están dentro do invernoiro, á profesora cáelle a caixa que contiña o toxo, e ela e mais os nenos pícanse coas púas, e comezan a sufrir unhas mutacións xenéticas. Despois duns días convócaos na sala de estudos cuns traxes especiais para facer unha viaxe especial na que, coa axuda da profesora Larafuzas, viaxarán no tempo ata os poboados prerrománicos e loitarán contra ... e, coa axuda do poboado e dun aprendiz de druída, ... O libro gustoume moito porque trata dunha historia que, aínda que é imposible, parece que podería pasar de verdade, e é moi entretida. Os personaxes protagonistas son catro rapaces da nosa idade que poderían ser coma min. O libro lese moi rápido porque está moi ben escrito e a historia enganxa moito por ter moito misterio, ademais viaxa ao pasado e permítenos coñecer como era un poboado prerrománico. O final ...? Recomendo este libro a aqueles que lles guste o misterio e a aventura. **(Guillermo)**

Este conto trata sobre o que lle acontece a catro estudantes: Faísca, Ruxe, Lúa, e Ninfa, que lle axudan a levar a profesora Larafuzas un toxo moi especial. Cando sen querer tropezan coa profesora, o toxo pícaos a todos e de repente desaparece. A Faísca deulle o poder do lume, a Ruxe o poder de transformarse en animal, a Lúa o da maxia e a Ninfa o de poder controlar as plantas. A profesora Larafuzas construíu unha máquina do tempo xa que a ela o toxo otorgoulle o poder da intelixencia para ir en busca del. Encontrábase na Idade dos Celtas. Alí coñeceron a ..., un aprendiz de druída que sen querer creou un monstro. Loitan contra él e ao final ... Celebrárono cunha gran festa. Pero, na festa volveu a aparecer. Gustoume moito este libro porque é de fantasía e aventuras. A liguaxe é fácil de entender. A quen lle recomendarías a lectura deste libro: A xente que lle gustan as aventuras e a máxia. **(Laura)**

Os catro nenos que apenas se coñecen, son unidos por un vínculo moito máis forte ca a amizade: a ferida dun toxo, que lles proporciona super-poderes. Tense que enfrontar contra un diaño líquido de vinte metros de altura, nos antigos castros Celtas, e a base de boas estratexias e do traballo en equipo, conseguen ... Gustoume o libro pero penso que hai demasiada ciencia ficción nel. De todas formas, gustoume máis ca o último que xa tiña lido un tempo antes. Paréceme que o libro está moi ben escrito, cunhas palabras especialmente construídas, para que pareza que é un neno de verdade o que din esas frases. Palabras totalmente lexibles. Recomendaríano a xente que lle gusta a ciencia ficción e as aventuras. Penso que é para nenos especialmente, aos adultos non lles gustaría. **(Elena)**

Vai un grupo de rapaces que se pinchan cun toxo máxico e teñen poderes. Viven moitas aventuras. Gustoume moito por que me gustan as aventuras e a fantasía. É moi interesante non puiden deixalo ata o final. Opinión sobre a liguaxe: era moi sinxela e non tiven que utilizar o dicionario nin unha soa vez. A quen lle recomendarías este libro: ás persoas as que lle gusten as aventuras e a fantasía. **(Sara)**